

## ACTA Nº 08/11

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 21 DE FEBREIRO DE 2011**

#### **Asistentes:**

#### CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.  
D. Victor Pastoriza Lino  
D. Valentín Piñeiro González.  
D. Daniel Rodas Chapela.  
D<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na casa do Concello de Moaña, o 21 de febreiro de 2011, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local nº 06/11, correspondente á sesión do 7 de febreiro de 2011.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

#### **2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.**

Non houbo avocacións dende a anterior sesión ordinaria da Xunta de Goberno.

#### **3- LICENZAS DE OBRAS**

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**3.A) EXPTE. 167/10 – D<sup>a</sup> LARA MARÍA CARBALLO MOLANES** presenta proxecto modificado de básico e proxecto de execución de ampliación de planta baixa e planta primeira de vivenda unifamiliar, sita no lugar de Carballadasna, do barrio de Abelendo – San Martiño, lindante coa E.P. 1104 Moaña a Coiro, redactado por AR.UR.MO, S.L.P., arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, visado na data 18.08.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 3 de xaneiro de 2011, que literalmente di:

**ASUNTO:**MODIFICADO DE BÁSICO E PROXECTO D EXECUCIÓN DE AMPLIACIÓN DE PLANTA 1<sup>a</sup> PARA VIVENDA UNIFAMILIAR.

**INFORME TÉCNICO.** **Procede licenza** por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto de execución

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto tecnico municipal con data de 1 de outubro de 2010 para ordenanzas 2 das NN. SS de planeamento municipal.

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización da Deputación Provincial refrendando a alineación das NN. SS de planemanto municipal.

Cédese 00,00M/2 , resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este. Por anteriores cesiones 81,43 M/2

Constitúese fianza por un importe 00,00 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

Superficie da parcela ascende a 332,00 metros cadrados.

No expediente consta o estudo básico de seguridade esaude.

A eficacia desta licenzia condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo concello e facultala conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenzia aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

### **Liquidación provisoria de tributos**

|                                 |            |
|---------------------------------|------------|
| Imposto s/construción.....      | 2.156,39 € |
| Taxas licenza urbanística.....  | 192,53 €   |
| Cartel de obra.....             | 110 €      |
| Taxas conexión saneamento ..... | 180 €      |

**3.B) - EXPTE. 17/2008 - CONSTRUCCIONES PEÑA FERROL MORRAZO, S.L.** presenta reformado de básico e proxecto de execución de vivenda

unifamiliar adosada, no lugar de Refoxos, Moaña, **parcela 3**, redactado polo arquitecto D. Manuel Lorenzo Lista, visado o 3 de febreiro de 2011 polo COAG.,

- **EXPTE. 18/2008 - CONSTRUCCIONES PEÑA FERROL MORRAZO, S.L.**, presenta reformado de básico e proxecto de execución de vivenda unifamiliar aislada, no lugar de Refoxos, Moaña, **parcela 4**, redactado polo arquitecto D. Manuel Lorenzo Lista, visado o 1 de febreiro de 2011 polo COAG.
- **EXPTE. 19/2008 - CONSTRUCCIONES PEÑA FERROL MORRAZO, S.L.**, presenta reformado de básico e proxecto de execución de vivenda unifamiliar aislada, no lugar de Refoxos, Moaña, **parcela 5**, redactado polo arquitecto D. Manuel Lorenzo Lista, visado o 31 de xaneiro de 2011 polo COAG.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 21 de febreiro de 2011, que literalmente di:

**ASUNTO:** REFORMADO DE BÁSICO E PROXECTO DE EXECUCIÓN PARCELA, Nº 3, 4 E 5.

**INFORME:** **Procede licenzas.**

Proxectos básicos visados polo COAG con data 10/12/2007.

Licenzas de obra de 25/02/2008.

Parcela 3. Redúcese a superficie de garaxe pasando de 25,94 a 23,78. A parcela posúe unha superficie bruta de 256,58 cunha cesión de 31,91 en lugar de 29,26 m<sup>2</sup>; superficie neta de parcela de 224,67 m<sup>2</sup>.

Parcela 4. A superficie do garaxe pasa de 29,72 construídos a 23,42 m<sup>2</sup>. A parcela posúe unha superficie bruta de 255,50 cunha cesión de 41,89 m<sup>2</sup> en lugar de 27,17 m<sup>2</sup>; superficie neta da parcela ascende a 213,61 m<sup>2</sup>.

Parcela 5. Elimínase garaxe adosado para situalo no soto pasando de 27,72 a 48,79 m<sup>2</sup>. A parcela posúe unha superficie bruta de 253,26 cunha cesión de 47,35 m<sup>2</sup> en lugar de 30,80. Superficie neta da parcela ascende a 205,91 m<sup>2</sup>.

#### **Liquidación provisoria de tributos (de 19/2008)**

|                                |          |
|--------------------------------|----------|
| Imposto s/construción.....     | 491,69 € |
| Taxas licenza urbanística..... | 65,00 €  |

#### **4.- OBRAS MENORES**

Visto o expediente instruído a instancia da interesada que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra menor, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**EXPTE.218/10 – D. MANUEL ANTONIO POSADA MARTÍNEZ** presenta croquis de muro de cerramento a vía pública, no barrio de Sabaceda nº 48 San Martiño. Muro de peche de bloques vistos prefabricados de 21,55 ml de largo x 1,00 ml de alto (21,55 m2). Orzamento das obras: 749 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 3 de xaneiro de 2011, que literalmente di:

**ASUNTO:** CERRAMENTO A VÍA PÚBLICA

**INFORME:** **Procede informar favorablemente o expediente. Cumpre o especificado no artigo 2.3.4.1.1. de edificación agrupada de núcleos rurais tradicionais, no apartado correspondente á aliñación oficial, no tramo consolidado, garantizándose unha sección viaria superior a 5,00 mts.**

Documentación: Memoria descriptiva da solución e documentación gráfica..

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción ..... 20,97 €  
Taxas licenza urbanística ..... 65,00 €

### **5.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE APERTURA**

#### **5.A) EXPEDIENTE 06/11 – LA ORENSANA DE LA RÍA, S.L.**

Vista a instancia presentada o día 11 de febreiro de 2011 por Miguel Ángel Alonso Martin en representación de LA ORENSANA DE LA RÍA, S.L., na que solicita o cambio de titularidade da licenza municipal de M<sup>a</sup> Carmen Pazos, na rúa Concepción Arenal 122 baixo. Acompaña documentación.

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 21 de febreiro de 2011, que literalmente di:

A petición do Concelleiro Delegado de Urbanismo, en data do 21.02.11, en relación coa solicitude presentada por LA ORENSANA DE LA RÍA S.L. na data do 11.02.2011, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de CAFETERÍA - PASTELERÍA, sito na rúa Concepción Arenal num. 122, baixo, a Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Pazos Pazos, teño a ben poñer no seu coñecemento:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de Apertura de CAFETERÍA - PASTELERÍA, sito na rúa Concepción Arenal, núm. 122, baixo, pertencente a Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Pazos Pazos. Aprobada pola **Xunta de Goberno Local de data do 20.09.2004.**

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Cambio de titularidade licenza de apertura ..... 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de CAFETERÍA-PASTELERÍA, sito na rúa Concepción Arenal, 122, baixo, pertencente a **MARÍA DEL CARMEN PAZOS PAZOS**, aprobada pola **Xunta de Goberno de data 20.09.2004**, a favor de **LA ORENSANA DE LA RÍA, S.L.**

#### **5.B) EXPEDIENTE 05/11 – LA ORENSANA DE LA RÍA, S.L.**

Vista a instancia presentada o día 11 de febreiro de 2011 por Miguel Ángel Alonso Martin en representación de LA ORENSANA DE LA RÍA, S.L., na que solicita o cambio de titularidade da licenza municipal de M<sup>a</sup> Carmen Pazos, na rúa Ramón Cabanillas, 65, baixo. Acompaña documentación.

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 21 de febreiro de 2011, que literalmente di:

A petición do Concelleiro Delegado de Urbanismo, en data do 21.02.11, en relación coa solicitude presentada por LA ORENSANA DE LA RÍA S.L. na data do 11.02.2011, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de CAFETERÍA - PASTELERÍA, sito na rúa Ramón Cabanillas, 65 baixo, a Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Pazos Pazos, teño a ben poñer no seu coñecemento:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de Apertura de CAFETERÍA - PASTELERÍA, sito na rúa Ramón Cabanillas, 65 baixo, pertencente a Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Pazos Pazos. Aprobada pola **Xunta de Goberno Local de data do 20.09.2004**.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Cambio de titularidade licenza de apertura ..... 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de CAFETERÍA-PASTELERÍA, sito na rúa Ramón Cabanillas, 65, baixo, pertencente a **MARÍA DEL CARMEN PAZOS PAZOS**, aprobada pola **Xunta de Goberno de data 20.09.2004**, a favor de **LA ORENSANA DE LA RÍA, S.L.**

#### **5.C) EXPEDIENTE 08/11 – XIANWEI LI.**

Vista a instancia presentada o día 14 de xaneiro de 2011 por Xianwei Li, na que solicita o cambio de titularidade da licenza municipal do negocio que viña explotando a súa irmá, na rúa Ramón Cabanillas, 3, baixo. Acompaña documentación.

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 21 de febreiro de 2011, que literalmente di:

A petición do Concelleiro Delegado de Urbanismo, en data do 21.02.11, en relación coa solicitude presentada por XIANWEI LI na data do 14.01.2011, pola que solicita o cambio de titularidade ao seu nome, dunha Licenza de Apertura de VENDA O MIÚDO DE MENAXE, FERRETERÍA

ETC, sito na rúa Ramón Cabanillas, 3 baixo, a Dna. YUJU LI, teño a ben poñer no seu coñecemento:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de Apertura de VENDA O IÚDO DE MENAXE, FERRETERÍA, ETC, sito na rúa Ramón Cabanillas,3 baixo, pertencente a Dna. YUJU LI. Aprobada pola **Xunta de Goberno Local de data do 09.05.2005**.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Cambio de titularidade licenza de apertura ..... 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de VENDA POLO MIÚDO DE MENAXE, FERRETERÍA, ETC, sito na rúa Ramón Cabanillas, 3, baixo, pertencente a Dna. YUJU LI, aprobada pola **Xunta de Goberno de data 09.05.2005**, a favor de **XIANWEI LI**.

### **6.- CESIÓN DE TERREOS PARA AMPLIACIÓN DE VIAL QUINTÁNS-MOUREIRA-MEIRA**

Vista a seguinte relación de persoas, titulares de terreos en Quintáns-Moureira que ceden gratuíta e voluntariamente ao Concello para a construción de beirarrúas no ensanche do vial de Quintáns – Moureira - Meira, segundo os planos que acompañan, e cuxos nº de documento de identidade constan nos documentos de cesión, e visto que a cesión está condicionada a que se repoñan os bens afectados por dita obra:

| <b>TITULAR</b>                                 | <b>DOMICLIO</b>                         | <b>SUPERFICIE CEDIDA</b> | <b>COMPROMISO</b>   |
|--|---|--------------------------|---|
| D. <sup>a</sup> Carmen Díaz González           | Porta do Sol, 100 –<br>A Ribeira, Meira | 22,80 m2                 | Construción do muro de contención de terras polo fronte da súa parcela obxecto de cesión. |
| D.Roberto Currás del Río                       | Moureira, 215,<br>baixo. Meira          | 8,73 m2                  | Construción de muro de contención de terras polo fronte da súa parcela obxecto de cesión  |
| D. <sup>a</sup> María Eugenia Malvido González | Moureira, 234 -<br>Meira                | 18,25 m2                 |   |

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aceptar as cesións que aparecen na relación, con compromiso de reposición dos bens afectados por dita obra, e computándolles a superficie cedida para os efectos de edificabilidade.

## 7.- PROPOSTA DE GASTO

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamentoo das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a proposta de gasto que se detalla a continuación,

| DEPARTAMENTO         | CONCEPTO   | PROVEDOR                           | PARTIDA           | IMPORTE    |
|----------------------|--|------------------------------------|-------------------|------------|
| MEDIO AMBIENTE E MAR | Mantemento sistema depurador complexo deportivo do Beque | TPE Oficina técnica forestal, s.l. | 3420 21200 RC 181 | 1.987,12 € |

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento 2011 na partida reflectida na táboa,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

## 8.- PAGO DE DÉBEDA DERIVADA DO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO PROCEDIMENTO ORDINARIO 0004416/2002

Visto o oficio remitido polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, de data 20/01/2011, recaída no procedemento ordinario 004416/2002 seguido no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, promovido por GIVEISA S.A. contra o Concello de Moaña pola desestimación presunta das reclamacións sobre aprobación e abono de diversas facturas emitidas polas reparacións e revisións de vehículos municipais no que re require ao Concello respecto do pago do principal e xuros determinados no citado procedemento e que aínda están pendentes de pago.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Proceder a dar cumprimento ao requirimento da Sección 2ª da Sala do Contencioso-Administrativo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e, na súa virtude, recoñecer as obrigas de 391,71 euros de principal con cargo á partida 1720.21400-RC 165, 2.946,55 euros en concepto de xuros con cargo á partida 1720.35200-RC 164 e 1.809 euros en concepto de costas do xuízo con cargo á partida 9200.22624-RC 183 derivados do recurso contencioso-administrativo, procedemento ordinario 0004416/2002 a favor de GIVEISA S.A.

Segundo: Dar traslado do acordo ao interesado e aos servizos municipais aos efectos procedentes e para o seu posterior pagamento.

## **9.- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA SOCIEDADE PROTECTORA DE ANIMAIS DO MORRAZO.**

A presidenta da Asociación Protectora de animais do Morrazo, por escrito do 17 de febreiro de 2011, expón que finalizou a duración do convenio de colaboración que tiña o Concello con dita asociación, e que é do seu interese subscribir un novo.

Redáctase borrador de novo convenio cuxo obxecto é recoller a colaboración entre o Concello e a Asociación, polo que esta última se comprometa á recollida dos animais abandonados, albergándoos, custodiándoos, alimentándoos e coidándoos, e a xestionar e a conservar as instalacións do albergue municipal. O Concello obrigaríase a transferirle a cantidade mensual de 1.330 euros á protectora durante o ano 2011, para atender a manutención de animais, conservación do canil e prestación do servizo de laceiro – contía que se incrementaría cada ano-. O borrador do convenio recolle once cláusulas e establece a duración nun período de catro anos, prorrogables tacitamente ata un máximo de seis anos.

Á vista do borrador, o interventor emite informe o día 21 de febreiro de 2011 no que conclúe que debe completarse o expediente con: a) a acreditación da Sociedade protectora no rexistro de asociacións do Concello e no Rexistro Xeral de Asociacións par aa protección e defensa dos animais domésticos e salvaxes en cativeira da Xunta; e, b) declaración expresa de quedar obrigado a facilitar información á entidade local, referente a calquera extremo relativo á actividade subvencionada así como permitir o sometemento á inspección da Intervención Xeral que permita comprobar a debida aplicación dos fondos outorgados.

Visto que no orzamento do Concello de Moaña para o ano 2011 está prevista nominativamente a concesión de subvención a favor da Sociedade Protectora de Animais, canil municipal, con cargo á aplicación orzamentaria 9430-48000,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o convenio coa Sociedade Protectora de Animais do Morrazo introducindo as modificacións sinaladas no informe do interventor, e autorizar ao alcalde para a sinatura do convenio.

## **10.- EQUIPARACIÓN SALARIAL DO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DOS GRUPOS 4A, 4B, 5A e 5B AO PERSOAL LABORAL FIXO.**

En data 11 de febreiro de 2011, a técnica de recursos humanos e xestión de persoal emite informe respecto da equiparación salarial do persoal laboral temporal dos grupos



4A, 4B, 5A, e 5B ás retribucións do persoal laboral fixo, logo de tratar a cuestión en diversas reunións ca Mesa Xeral de Negociación de persoal do Concello.

En data 11 de febreiro de 2011, o Delegado de Persoal formula proposta respecto da equiparación salarial deste persoal laboral temporal.

En data 21 de febreiro de 2011 o Interventor emite informe en base á proposta de equiparación salarial do persoal laboral temporal, onde emite nota de reparo por entender que a proposta incumpre a normativa aplicable por supor un incremento retributivo xeral en termos de homoxeneidade para este persoal temporal.

Á vista das circunstancias expostas, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, e de conformidade ca proposta do Delegado de Persoal, acorda:

Primeiro.- Levantar o reparo da Intervención Municipal emitido en informe de data 21 de febreiro de 2011 por entender os postos de traballo aos que se aplica a equiparación como xa valorados no expediente do Catálogo e Valoración de Postos de Traballo do Concello de Moaña e por revestir a proposta de equiparación carácter singular e excepcional, equiparándose aos postos de limpador/a, conserxe, peón e oficial de servizos, en cumprimento da lexislación aplicable que regula a igualdade de retribucións para postos de traballo de iguais funcións con independencia do tipo de contratación. Así o artigo 15.6 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, indica que os traballadores con contratos temporais e de duración determinada terán os mesmos dereitos que os traballadores con contratos de duración indefinida, sen prexuízo das particularidades específicas de cada unha das modalidades contractuais en materia de extinción do contrato e daquelas expresamente previstas na Lei en relación cos contratos formativos. Cando corresponda en atención a súa natureza, tales dereitos serán recoñecidos nas disposicións legais e regulamentarias e nos convenios colectivos de xeito proporcional, en función do tempo traballado. Cando un determinado dereito ou condición de traballo este atribuído nas disposicións legais ou regulamentarias e nos convenios colectivos en función dunha previa antigüidade do traballador, esta deberá computarse segundo os mesmos criterios para tódolos traballadores, calquera que sexa a súa modalidade de contratación.

Segundo.- Aprobar a equiparación salarial do persoal laboral temporal dos grupos 4A, 4B, 5A, e 5B co persoal laboral fizo segundo a seguinte táboa:

#### **Persoal laboral temporal**

| <b>Categoría Laboral</b> | <b>Grupo</b> | <b>Salario</b> | <b>C.Extras</b> | <b>PPP Xuño</b> | <b>PPP Nadal</b> | <b>Total Mes</b> |
|--------------------------|--------------|----------------|-----------------|-----------------|------------------|------------------|
| Limpador                 | 5B           | 980,37         | 165,27          | 95,47           | 95,47            | 1.336,58         |
| Peón de servizos         | 5B           | 980,37         | 206,97          | 98,95           | 98,95            | 1.385,24         |
| Conserxe de servizos     | 5A           | 1.049,91       | 282,04          | 111,00          | 111,00           | 1.553,95         |
| Peón especialista        | 5A           | 1.049,91       | 290,31          | 111,69          | 111,69           | 1.563,60         |
| Cobrador                 | 5A           | 1.049,91       | 301,42          | 112,61          | 112,61           | 1.576,55         |

|                             |    |          |        |        |        |          |
|-----------------------------|----|----------|--------|--------|--------|----------|
| Oficial 1ª servizos         | 4B | 1.102,15 | 436,45 | 128,22 | 128,22 | 1.795,04 |
| Aux.admtvo servizos sociais | 4A | 1.167,56 | 503,56 | 139,26 | 139,26 | 1.949,64 |
| Aux.admtvo policía local    | 4A | 1.167,56 | 544,51 | 142,67 | 142,67 | 1.997,41 |
| Capataz de obras            | 4A | 1.167,56 | 713,80 | 156,78 | 156,78 | 2.194,92 |
| Inspector de obras          | 4A | 1.167,56 | 670,10 | 153,14 | 153,14 | 2.143,94 |
| Técnico música tradicional  | 4A | 1.167,56 | 653,72 | 151,77 | 151,77 | 2.124,82 |

O importe correspondente aos trienios do persoal laboral temporal será o seguinte:

| Grupo | Trienio |
|-------|---------|
| 4A    | 28,01 € |
| 4B    | 18,65 € |
| 5A    | 16,05 € |
| 5B    | 14,04 € |

As retribucións dos postos de especial desempeño, fixados no catálogo de postos de traballo do Concello de Moaña para os grupos 4A, 4B, 5A, e 5B, no caso do persoal laboral temporal serán:

Xefe de grupo na brigada de servizos: 286,24 €/ano.

Capataz de servizos, por dispoñibilidade: 208,24 €/mes.

Despois da equiparación, as retribucións nominais do persoal laboral temporal, segundo as súas condicións persoais de antigüidade e xornada serán as seguintes:

#### Salarios equiparados a persoal laboral fixo

| APELIDOS E NOME              | CARGO     | SALARIO | ANTI GUE | COMP L. EXTR AS | CE SE | PE XU ÑO | PE NADA L | TOTA L   | TOTA L ANU AL | Grupo |
|------------------------------|-----------|---------|----------|-----------------|-------|----------|-----------|----------|---------------|-------|
| ALVAREZ BERMUDEZ, LUZ MARINA | Limpadora | 980,37  | 56,16    | 165,27          | 0,00  | 100,15   | 100,15    | 1.402,10 | 16.825,20     | 5B    |
| BARCIA GARCIA, MARIA EUGENA  | Limpadora | 980,37  | 56,16    | 165,27          | 0,00  | 100,15   | 100,15    | 1.402,10 | 16.825,20     | 5B    |
| CRUZ SILVA, DOLORES          | Limpadora | 980,37  | 42,12    | 165,27          | 0,00  | 98,98    | 98,98     | 1.385,72 | 16.628,64     | 5B    |
| LORENZO FANDIÑO, Mª.CARMEN   | Limpadora | 980,37  | 56,16    | 165,27          | 0,00  | 100,15   | 100,15    | 1.402,10 | 16.825,20     | 5B    |

|                                       |                  |              |       |        |           |            |        |              |               |    |
|---------------------------------------|------------------|--------------|-------|--------|-----------|------------|--------|--------------|---------------|----|
| PEREZ DEL RIO,<br>MARIA VICTORIA      | Limpadora        | 980,3<br>7   | 56,16 | 165,27 | 0,00      | 100,<br>15 | 100,15 | 1.402,<br>10 | 16.825<br>,20 | 5B |
| RODRIGUEZ<br>MENDUIÑA, ANA            | Limpadora        | 980,3<br>7   | 42,12 | 165,27 | 0,00      | 98,9<br>8  | 98,98  | 1.385,<br>72 | 16.628<br>,64 | 5B |
| BOZA MENDEZ,<br>María Elena           | Limpadora        | 980,3<br>7   | 0,00  | 165,27 | 29,7<br>0 | 95,4<br>7  | 95,47  | 1.366,<br>28 | 6.148,<br>26  | 5B |
| FERNANDEZ<br>FERNANDEZ,<br>Ana Isabel | Limpadora        | 980,3<br>7   | 0,00  | 165,27 | 29,7<br>0 | 95,4<br>7  | 95,47  | 1.366,<br>28 | 6.148,<br>26  | 5B |
| CASAS<br>CORDEIRO,<br>MARIA CARMEN    | Conserxe         | 524,9<br>6   | 64,20 | 141,02 | 0,00      | 60,8<br>5  | 60,85  | 851,88       | 10.222<br>,56 | 5A |
| ALVES<br>MALVIDO,<br>FERNANDO         | Peón             | 980,3<br>7   | 42,12 | 206,97 | 0,00      | 102,<br>46 | 102,46 | 1.434,<br>38 | 17.212<br>,56 | 5B |
| CHAPELA<br>PALMAS,<br>JOSEFA          | Peón<br>Urbaser  | 980,3<br>7   | 42,12 | 206,97 | 0,00      | 102,<br>46 | 102,46 | 1.434,<br>38 | 17.212<br>,56 | 5B |
| RIOBÓ VIEITEZ,<br>JOSÉ URANO          | Peón-<br>Urbaser | 980,3<br>7   | 42,12 | 206,97 | 0,00      | 102,<br>46 | 102,46 | 1.434,<br>38 | 17.212<br>,56 | 5B |
| TOMÉ SILVA,<br>MARIA CARMEN           | Peón<br>-Urbaser | 980,3<br>7   | 42,12 | 206,97 | 0,00      | 102,<br>46 | 102,46 | 1.434,<br>38 | 17.212<br>,56 | 5B |
| MAURICIO<br>TELLADO, Maria<br>Monica  | Limpadora        | 980,3<br>7   | 0,00  | 165,27 | 0,00      | 95,4<br>7  | 95,47  | 1.336,<br>58 | 16.038<br>,96 | 5B |
| DURAN<br>CHAPELA,<br>Andrés           | Cond.Maqui<br>.  | 1.102,<br>15 | 0,00  | 436,45 | 39,8<br>9 | 128,<br>22 | 128,22 | 1.834,<br>93 | 8.257,<br>19  | 4B |
| HERBELLO<br>HERBELLO, Jose<br>Antonio | Peón<br>Albanel  | 980,3<br>7   | 0,00  | 206,97 | 30,7<br>8 | 98,9<br>5  | 98,95  | 1.416,<br>02 | 6.372,<br>09  | 5B |
| FERNANDEZ<br>AMBROA, Mª<br>Teresa     | Conserxe         | 1.049,<br>91 | 0,00  | 282,04 | 34,5<br>3 | 111,<br>00 | 111,00 | 1.588,<br>48 | 7.942,<br>40  | 5A |
| RUIZ<br>FERNANDEZ,<br>Jose Manuel     | Of.1ª Mtto       | 1.102,<br>15 | 0,00  | 436,45 | 39,8<br>9 | 128,<br>22 | 128,22 | 1.834,<br>93 | 22.019<br>,16 | 4B |
| MALVIDO<br>CARBALLO, Juan<br>Manuel   | Of.1ª Mtto       | 551,0<br>8   | 0,00  | 218,23 | 19,9<br>5 | 64,1<br>1  | 64,11  | 917,48       | 11.009<br>,76 | 5B |
| FREITA<br>DALMEIDA, Maria<br>José     | Limpadora        | 980,3<br>7   | 0,00  | 165,27 | 29,7<br>0 | 95,4<br>7  | 95,47  | 1.366,<br>28 | 8.197,<br>68  | 5B |

Terceiro.- Aplicar ditas retribucións con efecto 1 de xaneiro de 2011.

Cuarto.- Aplicar as novas retribucións ao persoal laboral temporal incluído nos citados grupos que se contrate a partires da aprobación deste acordo.

## **11.- LIQUIDACIÓN DÉBEDAS POR XESTIÓN DO SERVIZO DA PISCINA MUNICIPAL**

Visto o informe da tesoureira do 17 de febreiro de 2011, que di:

O artigo VI do contrato administrativo de xestión do servizo da piscina municipal de Moaña subscrito con *Aqualia Gestión Integral del Agua, S.A* (NIF A26019992), recolle un canon do 0,3% dos ingresos anuais obtidos por tal actividade que deberá aboar a concesionaria. O 15 de febreiro a empresa presenta a declaración de tales ingresos obtidos entre outubro de 2009 e setembro de 2010, que ascenden a 412.284,06 euros (Rexistro de Entrada núm.1117), polo que o importe do canon será de 1.236,85 euros, cantidade que deberá ser liquidada por acordo da Xunta de Goberno Local e notificada ó interesado nos termos transcritos a continuación.

#### **LIQUIDACION DÉBEDAS DEFINITIVA**

**OBLIGADO: AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA S.A**

**NIF:A 26019992**

**ENDEREZO: FRAGATA VILLA MADRID NÚM.20 CP.36950.MOAÑA**

**TELÉFONO: 902196019**

#### **DÉBEDA (elementos determinantes)**

**Ingresos obtidos entre outubro do 2009 e setembro de 2010:** 412.284,06 euros\*0.003 (porcentaxe contractualmente pactado)= **1.236,85 euros**

**PRAZOS E MODO DE INGRESO:** Consonte ó disposto no artigo 62 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (BOE núm.30, de 18 de decembro), no caso de débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración, o pago en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

O ingreso poderá facerse efectivo na oficina de recadación municipal situada na planta baixa do Concello de Moaña (r/As Barxas s/n CP 36950, Moaña, Pontevedra) ou na conta de recadación aberta na entidade financeira Caixanova (núm.2080 0529 05 0040000800), de luns a venres, de 9:00 a 13:30 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas en vía executiva e se devengarán os correspondentes recargos, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

**RECURSOS:** Poderá interperse **recurso de reposición no prazo dun mes** a contar dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa (art. 116 e s.s. Lei 30/92). Poderá interperse **recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses** a contar dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que aquel deba entenderse presuntamente desestimado (arts. 25 e s.s. Lei 29/98 LJCA), ante os tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a liquidación do canon pola xestión do servizo da piscina municipal por importe de 1.236,85 euros e que se notifique segundo se recolle no informe da tesoureira municipal.

## **12.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE CANTIDADE DE HORMIGONATO, S.L.**

A representante da HORMIGONATO, S.L. por escrito do 16.02.11, expón que presentou un proxecto para construír dúas vivendas e que se lle cobra un cartel de obra por un valor de 110 euros, e que non está de acordo porque entende que o cartel é un elemento da construción do cal o Concello pode dicir cómo e as medidas, pero que non pode impoñer facelo. Solicita que se lle devolva o importe e que fará o cartel coas características que lle diga o Concello.

Visto o informe da Tesourería do 17 de febreiro de 2011, que logo da lexislación e normativa examinada indica:

Consonte ao disposto no artigo 6 de Ordenanza reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas do Concello de Moaña: *“Para as obras consideradas maiores, o Concello expedirá e subministrará aos interesados o cartel de obra obrigatorio normalizado que terá as seguintes características:*

- a) Cartel de chapa de aluminio de cor branca*
- b) Rotulado a dúas cores*
- c) Medidas de 1,50 x 1,00 metro, apaisado*
- d) Nel figurará o escudo de Moaña e a inscrición “Concello de Moaña”, ademais do nº de licenza municipal e demais datos relativos a propietario, construtor, director de obra, etc.*

Na ordenanza suliñada non se recolle a posibilidade de que o cartel de obra sexa aportado polo particular cumprindo os requisitos impostos polo Concello, tal e como pretende o reclamante, polo que, en base ao anteriormente exposto, esta Tesourería, en aplicación do dereito positivo recollido nas ordenanzas fiscais do Concello (artigo 1.6 do Código Civil), **informa desfavorablemente a devolución do importe correspondente ao subministro do cartel de obra (110,00).**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda desestimar a solicitude polos motivos recollidos no informe da tesoureira.

## **13.- APROBACIÓN BASES DE SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DE UN FUNCIONARIO CON CARÁCTER INTERINO DA PRAZA DE SEPULTUREIRO**

Visto o informe da Técnico de Emprego e Recursos Humanos data 15 de febreiro no que se da conta da xubilación do titular da praza de sepultureiro polo que se precisa a contratación de un novo funcionario interino mentres non se proceda á cobertura con carácter de interino.

Visto os informes de Secretaría de data 18 de febreiro e da Intervención Municipal, de data 21 de febreiro de 2011.

Vista a proposta da Alcaldía para a contratación de un sepultureiro a xornada completa e as bases de selección incluídas na citada proposta, que din:

**“BASES QUE REXERÁN A PROVISIÓN, COMO FUNCIONARIO INTERINO, DUNHA PRAZA DE SEPULTURERO VACANTE NO CONCELLO DE MOAÑA, MENTRAS NON SE PROCEDA Á COBERTURA CON CARACTER DEFINITIVO DA PRAZA.**

### **1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

É obxecto da presente convocatoria a provisión mediante o sistema de acceso libre, procedemento de selección de concurso- oposición, dunha praza de Sepultureiro/a, vacante no cadro de persoal deste Concello.

A provisión da praza será en réxime de nomeamento como funcionario/a interino/a. A praza está integrada na escala de administración especial, correspondente ao antigo Grupo «E» (outras agrupacións profesionais sen requisito de titulación). As retribucións serán as correspondentes a este grupo de clasificación profesional.

Poñerá fin, en todo caso, á duración da interinidade calquera das seguintes causas:

- Cando a praza se provea por funcionario/a de carreira por algún dos sistemas de provisión previstos regulamentariamente.
- Cando por causas sobrevidas a praza sexa amortizada.
- Cando o Concello de Moaña considere que xa non existen as razóns de urxencia que motivaron a cobertura interina.

## **2.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.**

Para tomar parte nesta convocatoria, de conformidade co establecido no artigo 56 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, os/as aspirantes que desexen participar no proceso selectivo deberán reunir os requisitos seguintes:

- a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto para os estranxeiros no Art. 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións inherentes ao posto de traballo.
- e) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas ou inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas, nin atoparse incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade conforme á normativa vixente.

Estes requisitos deberán cumprirse no último día do prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento da toma de posesión.

## **3.- INSTANCIAS E DOCUMENTACIÓN.**

As instancias para tomar parte na convocatoria, nas que os/as aspirantes manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, dirixiranse ao Sr. alcalde- presidente deste Concello, no prazo de vinte días naturais a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP. Á instancia achegarase a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do DNI vixente.
- b) Declaración xurada da persoa solicitante, de que non padece nin ten enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións que require a praza.
- c) Declaración xurada de non estar condenado/a por delito doloso nin separado/a mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin atoparse incurso/a en ningún dos supostos de incompatibilidade ou incapacidade previstos na lexislación vixente.
- d) Documentos xustificativos dos méritos alegados polos/as interesados/ as, conforme se determina na Base 6ª, que desexen lle sexan valorados na fase de concurso. Non serán tidos en conta aqueles méritos

non xustificados nin presentados dentro do prazo de presentación de instancias. Os documentos deberán ser orixinais ou fotocopias compulsadas.

As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, ou en calquera das formas que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dentro do prazo indicado. Os/as aspirantes que non presenten a súa instancia no Rexistro do Concello de Moaña, deberán anunciar a presentación da instancia de participación nas probas selectivas mediante copia da mesma por Fax ao número 986-310104 o mesmo día da súa presentación no rexistro administrativo ou oficina de correos de que se trate.

#### **4.- LISTA DE ASPIRANTES E COMEZO DOS EXERCICIOS.**

Terminado o prazo de presentación de instancias, no prazo de dez días naturais, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as e a valoración provisional de méritos da fase de concurso, con expresión, no seu caso das causas da exclusión.

Sinalarase un prazo de cinco días naturais para que os/as aspirantes emenden as faltas ou, no seu caso, acompañen os documentos preceptivos, indicándolle que de non facelo así, se lle terá por desistido/a da súa petición, ou ben presenten alegacións á valoración de méritos.

Rematado o prazo de presentación de alegacións, no prazo de cinco días naturais publicarase no taboleiro de anuncios do Concello a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as e a valoración definitiva da fase de concurso, indicando o lugar, data e hora de comezo dos exercicios da fase de oposición.

#### **5.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.-**

O Tribunal cualificador do proceso selectivo estará formado polas seguintes persoas:

##### **Titulares:**

Presidente: Carlos Piñeiro Sarmiento. Secretario da Corporación.

Vogais: - José Martínez Santomé. Xardineiro- enterrador do Concello de Moaña.  
- Eugenio Costa Diz. Administrativo de persoal do Concello de Moaña.  
- Manuel Gómez Silva. Policía local do Concello de Moaña.

Secretario: José Rodríguez Veloso. Funcionario Adscrito á área de secretaría.

##### **Suplentes.**

Presidente: José Antonio Graña Santaclara. Interventor da Corporación.

Vogais: - Jesús Boubeta García. Capataz de servizos do Concello de Moaña.  
- Fernando Pérez Villaverde. Administrativo do Concello de Moaña.  
- Julio Sobral Poceiro. Policía local do Concello de Moaña

Secretario: Balbino Pena Costa. Funcionario Adscrito á área de secretaría.

O Tribunal poderá contar con asesores especialistas para a realización de todas ou algunha das probas correspondentes aos exercicios, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, actuando con voz e sen voto.

#### **6.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.**

A selección constará de dúas fases, unha de concurso e outra de oposición.

**6.1. FASE DE CONCURSO.** 20% da puntuación. Máximo 2 puntos. O Tribunal valorará os méritos acreditados de acordo co seguinte baremo:

a) Méritos profesionais: Máximo 1,25 puntos.

- Por cada seis meses de traballo acreditados como enterrador ou sepultureiro.....0,15 puntos.
- Por cada seis meses de traballo acreditados como oficial albanel.....0,07 puntos.
- Por cada seis meses de traballo acreditados como oficial xardineiro.....0,07 puntos.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante contratos de traballo acompañados de vida laboral actualizada. No caso dos autónomos a experiencia acreditarase mediante alta no censo de obrigados tributarios acompañada de vida laboral actualizada e copia do IAE.

b) Cursos de formación: Máximo 0,50 puntos.

Impartidos, organizados ou homologados por universidades, administracións públicas ou organismos oficiais e xustificadas mediante certificado ou diploma de asistencia. Sempre que estean directamente relacionados coa praza obxecto da convocatoria e se acredite a súa duración. Non se terán en conta os cursos, xornadas..., que non teñan acreditada a duración en horas.

- De 20 a 40 horas: 0,05 puntos.
- De 41 a 100 horas: 0,10 puntos.
- De 101 a 200 horas: 0,20 puntos.
- De 201 horas en diante: 0,30 puntos.

c) Coñecemento acreditado do idioma galego. Máximo 0,25 puntos. Só se concederá validez aos certificados, diplomas ou titulacións homologados polos organismos oficiais da Xunta de Galicia. So se valorará o curso de maior nivel de entre os presentados.

- Celga 3 .....0,15 puntos.
- Celga 4.....0,25 puntos.

**6.2. FASE DE OPOSICIÓN.** 80% da puntuación. Máximo 8 puntos. Constará de dous exercicios obrigatorios e eliminatorios.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídos os/as que non comparezan, salvo casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciadas polo Tribunal. Os/as aspirantes deberán acudir provistos do DNI en vigor ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a realización das probas.

**Primeiro exercicio:** Máximo 3 puntos. Consistirá en contestar por escrito, un cuestionario de 30 preguntas tipo test, con catro respostas alternativas por pregunta, nun tempo de sesenta minutos, en relación co temario xeral e específico contido no Anexo desta convocatoria. Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada e as preguntas non contestadas non se puntuarán. Os/as aspirantes que non acaden un mínimo de 1,5 puntos quedarán eliminados do proceso selectivo.

**Segundo exercicio:** Máximo 5 puntos. Consistirá na realización de dúas probas prácticas, libremente propostas polo tribunal, directamente relacionadas co temario específico contido no Anexo desta convocatoria. O tempo de realización de cada proba será establecido polo Tribunal en atención á súa natureza. Cada proba práctica será puntuada de 0 a 2,5 puntos. Superarán este exercicio os/as aspirantes que en cada proba obteñan como mínimo 1,25 puntos.



A cualificación final do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións das fases de oposición e concurso, quedando seleccionado/a o/a aspirante que maior puntuación obtivese.

No caso de empates, estes resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- 1º) Se é muller antes que home.
- 2º) A persoa que acade maior puntuación na fase de Oposición.
- 3º) A persoa que acade maior puntuación por experiencia profesional na fase de Concurso.

#### **7.- RELACIÓN DE APROBADOS.-**

Unha vez terminada a cualificación dos/as aspirantes, o Tribunal fará pública a relación definitiva por orde de puntuación, no Taboleiro de Anuncios do Concello. Dita relación será elevada ao Sr. Alcalde-Presidente, con proposta de nomeamento, do/a aspirante que maior puntuación obtivese.

O Tribunal non poderá propor a un número de aspirantes superior ao das prazas que se convocan.

A persoa candidata que sexa proposta para a contratación terá a obrigaçión de presentar no Rexistro xeral do Concello, mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde-presidente deste Concello, a seguinte documentación:

- Certificado médico en modelo oficial sobre a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se aspira e a non existencia de enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións.

Se o Tribunal apreciase que ningún dos aspirantes reúne as condicións mínimas necesarias para desempeñar idóneamente o posto de traballo, poderá declarar deserta a praza.

A relación definitiva de aspirantes aprobados por orde de puntuación poderá utilizarse a efectos da cobertura de posibles baixas temporais ou definitivas que afecten a esta praza.

#### **8.- TOMA DE POSESIÓN.**

A formalización da toma de posesión efectuarase como máximo no prazo de 1 mes a partir da publicación do nomeamento do/a interesado/a no taboleiro de anuncios do Concello conforme ao disposto no artigo 47.4 do Decreto lexislativo 1/2008.

Quen non o faga sen causa xustificada será declarado en situación de cesante e consecuentemente decaído/a no seu dereito a ser nomeado/a funcionario/a interino/a por falta de materialización da toma de posesión no prazo outorgado para o efecto.

#### **9. RESOLUCIÓNS DO TRIBUNAL. IMPUGNACIÓNS.**

As resolucións do Tribunal vinculan á administración sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión. A presente convocatoria e as súas bases, así como os actos administrativos que se deriven dela e a actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos, termos e forma establecida na Lei 30/1992.

#### **10. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.**

As bases e a convocatoria serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios do Concello. Un anuncio da convocatoria publicarase nun dos diarios de maior tiraxe a nivel provincial.

Tódalas comunicacións posteriores cos opositores realizaranse a través do taboleiro de anuncios do Concello.

## **11.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

Para todo o non previsto nas presentes bases, serán de aplicación, a Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia, a Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, o Real decreto legislativo 781/1986 de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o Decreto 95/1991 polo que se aproba o regulamento de ingreso do persoal ao Servizo da administración da Comunidade autónoma de Galicia, o Real decreto 364/1995, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional.

### **ANEXO.**

#### **TEMARIO XERAL.**

- Tema 1. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. Dereitos e deberes fundamentais.
- Tema 2. O municipio: concepto e elementos. Organización e competencias municipais.
- Tema 3. Disposicións xerais sobre procedementos administrativos segundo a Lei 30/1992.
- Tema 4. O persoal ao servizo da Administración local. Clases. Dereitos e deberes dos empregados públicos.

#### **TEMARIO ESPECÍFICO.**

- Tema 1. Regulamento de policía sanitaria e mortuoria da Comunidade Autónoma galega, aprobado polo Decreto 134/98, do 23 de abril, e as súas modificacións.
- Tema 2. Ordenanza xeral reguladora da actividade funeraria no termo municipal de Moaña.
- Tema 3. Albanelaría. Definicións, técnicas de traballo, materiais empregados, clasificacións e unións.
- Tema 4. Ferramentas e materiais de construción. Cementos, xesos, áridos, morteiros, formigóns. Tipos.
- Tema 5. Mantemento e conservación da xardinaría do cemiterio.
- Tema 6. Mantemento, conservación e pintura do mobiliario e paredes do cemiterio.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo da Intervención Municipal emitido en informe de data 21 de febreiro de 2011 á vista da situación do servizo e pola necesidade do Concello para contratar a un sepultureiro con carácter inmediato.

Segundo: Aprobar as bases e o calendario proposto para a contratación de un funcionario con carácter interino da praza de sepultureiro a xornada completa e e iniciar o procedemento para a súa selección. A duración do contrato será ata o momento da cobertura definitiva da praza, se por causas sobrevenidas non se amortiza a praza previamente ou o Concello considere que xa non existen razóns de urxencia que motivaron a cobertura interina.

Terceiro: Proceder á publicación das bases e da convocatoria no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, incluíndo unha reseña da convocatoria en diario dos de maior tirada a nivel provincial.

#### **14.- ADXUDICACIÓN DA OBRA “INSTALACIÓN DE ELEMENTOS BIOSAUDABLES E ELEMENTOS INFANTÍS PARA O PARQUE PÚBLICO DA GUÍA”.**

En febreiro de 2011 elaborouse Proxecto para a obra “Instalación de elementos biosaudables e elementos infantís para o parque público da Guía” redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Víctor M. Pérez Rodríguez, que conta cun importe de execución por contrata de TRINTA E TRES MIL OITOCENTOS CINCUENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA CENTIMOS, IVE incluído (33.859,90 euros), (28.694,83 € + 5.165,07 € de IVE).

Para a realización do obxecto do contrato solicitouse oferta á empresa PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS.

Á oferta presenta as seguintes condicións: PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS: Prezo: TRINTA E TRES MIL OITOCENTOS CINCUENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA CENTIMOS, IVE incluído (33.859,90 euros) (28.694,83 € + 5.165,07 € de IVE).

O contrato que se pretende adxudicar, en atención á súa contía, pode cualificarse de menor, ao amparo do establecido con carácter xeral no artigo 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en relación co artigo 95 de dito texto legal, tendo a consideración de contrato de obra .

Pola Intervención Municipal practicouse con data 18 de febreiro do 2011 a oportuna Retención de crédito con cargo á partida 1710.62801 do vixente Orzamento municipal.

Visto o informe da Intervención Municipal de data 18 de febreiro de 2011.

Atendendo ao disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Vista a delegación de competencia da Alcaldía na Xunta de Goberno Local de data 18 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo da Intervención Municipal emitido en informe de data 18 de febreiro de 2011, por entender xustificada a tramitación do expediente coma contrato menor de obra, á vista das características que presenta o contrato.

SEGUNDO.- Aprobar o Proxecto da Obra redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Víctor M. Pérez Rodríguez.

TERCEIRO.- Aprobar a Proposta de adxudicación e aprobación de gasto en relación ca contratación da obra “Instalación de elementos biosaudables e elementos infantís para o parque público da Guía.”

CUARTO.- Adxudicar o contrato menor da obra “Instalación de elementos biosaudables e elementos infantís para o parque público da Guía” á empresa PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS por un importe total de 33.859,90, IVE incluído.

QUINTO.- Aprobar o gasto con cargo á partida 1710.62801 do Orzamento de Gastos Municipal por importe de 33.859,90 euros.

SEXTO.- Que se notifique ao contratista dentro do prazo de dez días o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos quince días seguintes da data na que reciba esta notificación, presente o documento que acredite ter constituído a

garantía definitiva por importe de 1.434,74 euros e se lle cite para que nos 30 días seguintes a notificación da adxudicación concorra a formaliza-lo contrato en documento administrativo.

SÉTIMO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro, a D. Xosé Manuel Carballo Moldes, Arquitecto técnico municipal e responsable do contrato a D. Victor Pastoriza Lino.

### **15.- SOLICITUDE PARA A CELEBRACIÓN DUN MERCADILLO EXTRAORDINARIO.**

Por escrito do 26.01.11, o presidente da Asociación Profesional de Comercio Ambulante e Comercio en Prazas de Abastos de Galicia solicita a realización dun mercadillo extraordinario o día 19 de marzo, por ser un día especial na bisbarra e para recuperar as vendas perdidas nos mercadillos nos que houbo mal tempo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a celebración do mercadillo extraordinario o día 19 de marzo de 2011.

### **16.- REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS – SECRETARIA**

D. JOSÉ RAUL SEQUEIROS solicita licenza para a tenza para acompañamento dun can DOBERMAN, raza considerada como perigosa, cuxo nome é TOTTI.

Visto que o solicitante achega toda a documentación requirida, segundo se recolle no informe de Secretaría,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza solicitada para a tenza de TOTTI, can de raza DOBERMAN -considerada como perigosa-, a súa inscrición no rexistro municipal e que se traslade o acordo ao Rexistro Galego de Animais Potencialmente Perigosos.

### **17.- VADOS**

Dª María Gil Martínez, por escrito do 15 de febreiro de 2011, expón que no ano 2008 solicitou a baixa no padrón de vados, e que achegou a placa nº 220. O ORAL remítelle o recibo correspondente ao exercicio 2008 na súa totalidade polo que solicita a baixa no padrón con efectos de marzo de 2008.

Consta fotocopia da solicitude do 24 de marzo de 2008 de Dª Yovana Currás Gil na que solicita a anulación do vado permanente nº 220.

Vista a certificación do secretario do 21.02.11 que reflicte que non consta acordo de aprobación de baixa no padrón de vados acordado a instancia de Dª María Gil Martínez.

Visto o informe do inspector-xefe da Policía local do 16.02.11 no que indica que se comprobou que nesa dirección hai un garaxe que non ten placa de vado,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar de baixa o vado 220 a nome de María Gil Martínez con efectos do 1 de xaneiro de 2008, e anular os recibos dos anos 2008, 2009, 2010.

## 18.- RECLAMACIÓN PATRIMONIAL

D. Jorge Giralt Barroso, por escrito do 23 de decembro de 2010, expón que tiña o coche aparcado dentro do recinto escolar por ser un profesor do centro, mentres traballaban os encargados de mantemento do Concello escapóuselles unha pedra e rompéronlle o cristal lateral traseiro esquerdo. Solicita que lle pague a factura do arranxo (que acompaña ao escrito, emitida polo taller mecánico Enrique López Patricio e cuxo importe total é de 142,70 euros).

O xardiñeiro por informe do 27.12.10 corrobora os feitos referidos polo Sr. Giralt ocorridos no CEIP Domaio,

Visto que é inequívoca a relación de causalidade entre o dano sufrido e o funcionamento do servizo público e que está suficientemene valorado o dano,

Visto que o importe reclamado non supera o da franquicia que ten o seguro municipal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda indemnizar a D.<sup>a</sup> Jorge Giralt Barros polo dano sufrido no seu vehículo Renault Clio, matrícula 4272GJP, que conlevou a rotura da lúa traseira esquerda, e así recoñecer a obriga por importe de 142,70 euros por ese concepto, con cargo á partida 9200 22623 RC 12.

## 19.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

|  | Servizo                         | Lugar                                | Taxas €  | Informe favorable              |
|--|---------------------------------|--------------------------------------|--|--------------------------------|
| RUBÉN GARCÍA DE SOUSA                    | Auga e Saneamento uso doméstico | A Xunqueira, s/n, p.1, 2º B.         | Conexión auga..... 60 €<br>Fianza .....20 €<br>Saneamento..... 180 € | Aqualia                        |
| ANTONIO GARCÍA GUIADO                    | Auga e Saneamento uso doméstico | A Xunqueira, s/n, portal 1 – ático B | Conexión auga..... 60 €<br>Fianza .....20 €<br>Saneamento..... 180 € | Aqualia                        |
| MARÍA DE LOS ÁNGELES RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ | Auga uso doméstico              | Bernardino Graña, nº 5 – 3º B        | Conexión auga..... 60 €<br>Fianza .....20 €                          | .Aqualia<br>Aparellador munic. |
| JOSÉ FERREIROA                           | Auga uso doméstico              | Almansa, 25 – 1º                     | Conexión auga..... 60 €  | Aqualia                        |

|        |  |                  |  |
|--------|--|------------------|--|
| GARCÍA |  | Fianza .....20 € |  |
|--------|--|------------------|--|

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:05 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.